

DECLARACIÓN DE IDENTIDADE

Lema: *A resistencia singular das landras*

Non é casual que eu fale
na lingua na que falan
a enxebreza dos carballos e dos castiñeiros
á sombra acolledora da fraga,
a flor amarela da xesta e do toxo
na galanura do monte,
a sede dos ameneiros, os bidueiros e os salgueiros
co reflexo nutricao do rego.
Na lingua na que se expresan
a sensualidade das amoras nas silveiras
cos ollos cobizosos da luz que a acende,
os beizos silenciosos do orballo
co ritual prístino do amencer,
o canto senlleiro do cuco
anunciando os latexos da primavera.
Na lingua na que os pés apalparon corredoiras
perdidas entre valados e boqueiras,
na que as mans enterraron a fame
baixo a lentura matricial do leiro,
na que o alento da nai amasaba a esperanza
entre a concavidade artesá da artesa



que alimentou o cansazo dos nosos días.

Non é casual que eu fale

na lingua na que fala

a gorxa ferida dos afectos

cando di *mamá, papá*

aira, casa... amor

quérovos

quero ser coma vós

quero ser en vós.

Non é casual que eu fale

na lingua na que fala

a Matria do meu sangue

derramado das veas devanceiras

que escribiron na memoria do meu tempo.

Non é casual que eu fale

na lingua na que universalmente SON.

